

FUNDACIÓN

USC | M.P.

## PLAN DE ACTUACIÓN EXERCICIO 2022

**CIF:** G-70123971

**NÚMERO DE REGISTRO:** 2007/18

**EXERCICIO:** 2022

### **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.**

**DOMICILIO:** Edificio Emprendia, Campus Vida s/n

**LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA


**CÓDIGO POSTAL:** 15782

**PROVINCIA:** A CORUÑA

**CORREO ELECTRÓNICO:** info@fundacionusc.gal

**TELÉFONO:** 881 97 53 99

**PERSOA DE CONTACTO:** Óscar Hermida Otero



## ÍNDICE:

<b>1. DATOS IDENTIFICATIVOS.....</b>	<b>3</b>
<b>2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPais DO PLAN ESTRATÉXICO.....</b>	<b>3</b>
<b>3. OBXECTIVOS XERAIS.....</b>	<b>6</b>
<b>4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....</b>	<b>7</b>
<b>5. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN .....</b>	<b>8</b>
<i>PROMOCIÓN, INCENTIVO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NA USC.....</i>	<i>8</i>
<i>ENCARGO DE XESTIÓN DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USC .....</i>	<i>12</i>
<i>PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR-LABORAL DE ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA.....</i>	<i>15</i>
<i>APOIO, ASISTENCIA TÉCNICA E SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL Á OFICINA COVID-19 .....</i>	<i>17</i>
<b>6. PREVISIÓN DE RR. ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.....</b>	<b>19</b>
<b>7. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE.....</b>	<b>20</b>
<b>8. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE ACTUACIÓN. ....</b>	<b>21</b>

**PLAN DE ACTUACIÓN DA  
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.**

***Proposta para o Pleno do Padroado***

Conforme o artigo 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (*Plan de actuación*)<sup>1</sup>:

1. *O Padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e máis unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.*
  
2. *Este plan de actuación deberáselle presentar ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación, que se depositará no Rregistro de Fundacións de Interese Galego.*

---

<sup>1</sup> Plan de Actuación elaborado seguindo o modelo aprobado no Plan General Contable (PGC) para entidades sen fins lucrativos que figura no Anexo II do RD 1491/2011, do 24 de outubro tal e como esixe o Protectorado de Fundacións da Xunta de Galicia.

## 1. DATOS IDENTIFICATIVOS

**Nome:** Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.

**CIF:** G-70123971

**Nº de rexistro:** 2007/18

**Enderezo postal:** Edificio Emprendia, Campus Vida s/n. 15782 Santiago de Compostela

**Enderezo correo electrónico:** [info@fundacionusc.gal](mailto:info@fundacionusc.gal)

**Páxina web:** [www.fundacionuscdeportiva.org](http://www.fundacionuscdeportiva.org)

## 2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIAS DO PLAN ESTRATÉXICO.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela (anteriormente denominada Fundación USC-Deportiva) constitúese o 9 de novembro de 2007 como unha organización de natureza fundacional acorde coa Lei de Fundacións de Interese Galego, sen ánimo de lucro e cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Atópase inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con número 2007/18. Mediante Orde de 7 de decembro de 2007 califícase como de interese deportivo.

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rrexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, por conseguinte, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para o que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexerase pola vontade dos seus fundadores, manifestada nos seus Estatutos, polos acordos que, en interpretación e desenvolvemento daquela vontade, estableza o Padroado, así como en todo caso pola lexislación aplicable.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela ten por finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas así como a promoción, incentivo e desenvolvemento da actividade físico-deportiva preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

A finalidade de interese xeral da Fundación poderase exercer ben por propia iniciativa, ben por medio dos encargos que a Universidade lle realice.

En particular, a Fundación ten como fins propios os seguintes:

- a) Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.
- b) Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.
- c) Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre a Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.
- d) Promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva.
- e) Fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións.
- f) Fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva, así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación poderá levar a cabo, con carácter enunciativo e non limitativo, as seguintes actividades:

- a) Xestionar, prestar, organizar e realizar actividades e servizos instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Formalizar convenios ou acordos de colaboración ou intercambio con empresas, organismos e institucións, nacionais ou estranxeiras, así como participar nas citadas entidades cando así sexa preciso para a mellor consecucións dos seus fins.
- c) Desenvolver modelos de colaboración e cooperación que contribúan á sustentabilidade económica da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.
- d) Subscribir contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins, incluídos os contratos de patrocinio que contribúan á sustentabilidade económica e ao máximo aproveitamento das actividades da Fundación e da Universidade.

- e) Realizar todo tipo de actividades de formación non regrada que resulten de interese vinculadas ás actividades que desenvolva.
- f) O exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
- g) Recadar fondos, incluso recorrendo a financiamento alleo, empregándoos no financiamento e promoción dos seus fins.
- h) Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvencións, axudas, así como a xestión de doazóns que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- i) En xeral, cantas actuacións sexan necesarias para a consecución dos fins que constitúen o seu obxecto.

Os beneficiarios dos fins fundacionais, e de todas e cada unha das actividades da Fundación, serán, en xeral, todas as persoas naturais ou xurídicas que presten a súa actividade de modo habitual no Estado Español ou aquellas que, polo interese social, económico, académico ou investigador do seu traballo, poidan ser merecedoras das prestacións da Fundación.

Desde a súa constitución a Fundación estivo centrada na colaboración que ten coa Universidade de Santiago de Compostela pola cal, a entidade, en cooperación dinamiza e xestiona as actividades físico-deportivas e o deporte federado que esta universidade publica cada curso escolar.

Ao ano seguinte á súa constitución a Fundación de maneira testemuñal comezou a colaborar con outras entidades que ofrecían actividades deportivas.

Dende fai oito anos a Fundación ten o encargo do seu Padroado de ter máis presenza en outros sectores da Comunidade Autónoma e non só no contorno Universitario.

A entidade segue a buscar liñas estratéxicas de incidencia noutros contornos para chegar a sociedade galega e como obtención de recursos.

No mes de xaneiro do ano 2020 a Fundación solicitou a condición de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela e modificou os seus estatutos para darlle un carácter máis xeral tanto aos fins coma ás actividades fundacionais.

Despois da adquisición da condición de medio propio personificado a Fundación USC recibiu durante o ano 2020 e 2021 os primeiros encargos de xestión por parte da Universidade de Santiago de Compostela, os cales, modificaron substancialmente as

liñas de traballo da entidade. Isto afecta directamente ás actividades que viña programando a entidade en cada exercicio.

Os encargos de xestión más salientables para o ano 2022 serán o apoio, asistencia técnica e subministro de material á oficina Covid-19 e a execución do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela por un período de 3 anos.

**Por último, hai que destacar que en tódalas actuacións que leve a cabo a Fundación no desenvolvemento do Plan de Actuación intégrase o principio de igualdade de xeito transversal. De esta forma, potenciarase a inclusión da perspectiva de xénero impulsando a participación e a práctica deportiva en xeral.**

### **3. OBXECTIVOS XERAIS**

Con este Plan de Actuación a Fundación para o ano 2022 pretenderá consolidar a actividade que se presenta no mesmo e na procura de novas áreas de traballo. Para elo, ten uns obxectivos xerais que aquí presentamos.

- ✓ Xestionar, prestar, organizar e realizar actividades que a Universidade lle encargue con eficiencia.
- ✓ Introducir a Fundación no Campus de Lugo con actividade propia.
- ✓ Dotar a entidade dos recursos económicos necesarios para ofertar os programas que neste plan se presentan.
- ✓ Prestar un servizo eficiente naqueles encargos de xestión que a Universidade de Santiago de Compostela lle encargue á entidade.
- ✓ Potenciar a calidade na prestación do servizo deportivo o que reverterá nunha maior satisfacción dos usuarios.
- ✓ Definir un plan estratégico para a captación de recursos económicos no tecido socioeconómico galego.
- ✓ Fomentar a formación interna.
- ✓ Potenciar a área de comunicación da Fundación. Dar a coñecer á sociedade o traballo que se desenvolve na entidade.
- ✓ Buscar proxectos innovadores e con carácter europeo.
- ✓ Realizar algunha actividade de carácter solidario ao longo do ano ben sexa de maneira individual ou colaborando con outras entidades.
- ✓ Acoler alumnado en prácticas de diferentes titulacións e de capacitacións profesionais para a fomentar a inserción laboral.

#### 4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Incrementar a calidade no servizo prestado tanto nos programas deportivos coma nos programas de conciliación.
- ✓ Definir un plan de servizos para o encargo de xestión relativo á prestación do servizo de limpeza de edificios e locais para acadar un nivel de eficiencia elevado.
- ✓ Mellorar a calidade na prestación do servizo de limpeza.
- ✓ Reducir os custes relativos aos encargos de xestión que formalice a Universidade de Santiago de Compostela á Fundación.
- ✓ Potenciar o programa de formación do persoal, tanto interno como externo, relativo a todas as actividades.
- ✓ Mellorar os procesos e protocolos de traballo interno.
- ✓ Dotar ao alumnado en prácticas de TSAFyD ou Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou outras relacionados co contorno deportivo da información precisa.
- ✓ Realizar un evento anual diferenciado da actividade ordinaria da entidade.
- ✓ Colaborar con diferentes Administracións en diversidade de programas.

## 5. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

### **ACTIVIDADE 1: PROMOCIÓN, INCENTIVO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NA USC.**

#### **A) Identificación**

<b>Denominación da actividad</b>	Programación, organización, dinamización e xestión das escolas deportivas e deporte federado da USC en colaboración con esta.
<b>Tipo de actividad</b>	Propia
<b>Identificación da actividad por sectores</b>	G01: DEPORTIVO E POBOACIÓN EN XERAL
<b>Lugar de desenvolvemento da actividad</b>	- Santiago de Compostela - Lugo

#### **Descripción detallada da actividad prevista**

A Fundación USC, na súa área deportiva, a través dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, colaborará, na programación, organización, dinamización e xestión das escolas deportivas publicadas por esta para os cursos 2021/2022 e 2022/2023.

#### **Curso 2021/2022 (ofertadas actualmente)**

##### a. Campus de Santiago de Compostela

- Actividades acuáticas:** aquagym, natación para maiores, natación para nenos e nenas (iniciación e perfeccionamento), natación para adultos (iniciación e perfeccionamento), natación terapéutica, natación adestramento-máster e natación deportiva maiores e menores.
- Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** step, gap + tono, zumba, adestramento funcional intensivo, ximnasia de mantemento, aeróbic, circuit training, CORE e estiramentos e flexibilidade..
- Aprendizaxe deportiva:** atletismo, autodefensa, tenis, karate, taekwondo e kung fu.

- Benestar e lecer:** ioga, mindfulness, pilates, tai chi + chi kung (iniciación e para xa iniciados), ximnasia terapéutica e hipopresivos.
  - Sendeirismo e actividades na natureza:** rutas de sendeirismo e montañismo de 10 a 25 km. e roteiros.
  - Deporte federado e de competición:** atletismo, tenis, natación, fútbol, montañismo e xadrez.
  - Outros:** acondicionamento físico en sala.
- b. Campus de Lugo
- Aprendizaxe deportiva:** running e autodefensa.
  - Benestar e lecer:** pilates, ioga e hipopresivos.
  - Actividades aeróbicas e de acondicionamiento físico:** gap, mantenimento + step + aeróbic, ximnasia de mantenimento e zumba.

#### **Curso 2022/2023 (previstas ofertar)**

- c. Campus de Santiago de Compostela
- Actividades acuáticas:** aquagym, natación para maiores, natación para nenos e nenas (iniciación e perfeccionamento), natación para adultos (iniciación e perfeccionamento), natación terapéutica, natación adestramento-máster e natación deportiva maiores e menores.
  - Actividades aeróbicas e de acondicionamiento físico:** step, gap + tono, zumba, adestramento funcional intensivo e ximnasia de mantenimento aeróbic, circuit training, CORE e estiramientos e flexibilidade.
  - Aprendizaxe deportiva:** atletismo, autodefensa, tenis, karate, taekwondo e kung fu.
  - Benestar e lecer:** ioga, mindfulness, pilates, tai chi + chi kung, (iniciación e para xa iniciados), ximnasia terapéutica e hipopresivos.
  - Sendeirismo e actividades na natureza:** rutas de sendeirismo e montañismo de 10 a 25 km. e roteiros.

**Deporte federado e de competición:** atletismo, tenis, natación, fútbol, montañismo e xadrez.

**Outros:** acondicionamento físico en sala.

d. Campus de Lugo

**Aprendizaxe deportiva:** running e autodefensa.

**Benestar e lecer:** pilates, ioga e hipopresivos

**Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** gap, mantemento + step + aeróbic, ximnasia de mantemento e zumba.

En total son aproximadamente 40 actividades diferentes (por curso académico) que os técnicos-deportivos da Fundación USC imparten e dinamizan. Estas actividades están abertas á incorporación doutras ben sexa pola demanda do Servizo de Deportes ou ben pola demanda dos propios usuarios.

A Fundación USC durante o ano 2022 colaborará coa USC na planificación, organización, dinamización e xestión das seccións deportivas do Club ou Sección deportiva da USC.

Estas seccións deportivas son as seguintes, coa posibilidade de que se poida incorporar algunha nova debido á demanda dos usuarios ou do Servizo de Deportes da USC: atletismo, fútbol, natación, tenis, montañismo e xadrez (só xestión administrativa neste último caso).

Por outra banda, a Fundación tamén colaborará co Servizo de Deportes da USC na participación en torneos propios ou nos campionatos universitarios que se celebran ao longo de cada curso escolar.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	13,87	23.717,40
Persoal con contrato de servicios	1,09	1.863,75
Persoal voluntario	0	0

**C) Beneficiarios ou usuarios da actividade**

Tipo	Número	Previsto
Persoas físicas		2.500
Persoas xurídicas		1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios		3

**D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Manter un nivel de actividad óptimo debido á situación provocada pola pandemia	Porcentaxe	50%
Incorporar á oferta actividades non presenciais mediante as novas tecnoloxías	Número de actividades ofertadas	5
Crear unha biblioteca de contidos	Número de sesións gravadas	30

**ACTIVIDADE 2: ENCARGO DE XESTIÓN DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA USC**

**A) Identificación**

<b>Denominación da actividad</b>	Prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da USC
<b>Tipo de actividad</b>	Propia
<b>Identificación da actividad por sectores</b>	Z01: OUTROS E POBOACIÓN EN XERAL
<b>Lugar de desenvolvimento da actividad</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Santiago de Compostela</li> <li>- Lugo</li> </ul>

**Descripción detallada da actividad prevista**

Dentro desta actividad estará comprometido o servizo de limpeza de todos os locais e espazos que conforman os inmobles incluídos no encargo de xestión formalizado con data 6 de agosto de 2021 (aulas, oficinas, despachos, salas de reunión, seminarios, arquivos, bibliotecas, almacéns, laboratorios, salóns de actos, aseos, vestiarios, beirarrúas perimetrais, zonas de acceso, escaleiras, salva escaleiras, ramplas, zonas apergoladas, zonas cubertas exteriores, cubertas transitables, patios interiores baixos ou elevados, aparcamentos interiores, etc.).

As necesidades do servizo estableceranse indentificando as diferentes tipoloxías e configuración da limpeza segundo a tipoloxía dos edificios e locais:

- Uso docente non científico. Facultades.
- Uso docente científico/tecnolóxico. Facultades de Ciencias e E.T.S.
- Centros asimilables a clínicos.
- Uso residencial.
- Bibliotecas centrais independentes.
- Edificios administrativos de representación.
- Edificios administrativos xerais.
- Instalacións deportivas.
- Outros.

A prestación deste servizo está recollida nun documento técnico de encargo que regulará e definirá o alcance e as condicións da prestación.

#### **B) Recursos humanos empregados na actividade**

<b>Tipo</b>	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	202,67	346.558,35
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

#### **C) Beneficiarios ou usuarios da actividade**

<b>Tipo</b>	Número
	Previsto
Persoas físicas	30.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

#### **D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade**

<b>Obxectivo</b>	<b>Indicador</b>	<b>Cuantificación</b>
Implantar un modelo de servizo ao finalizar o exercicio 2022	Porcentaxe de execución	100%
Mellorar a calidade programada	Porcentaxe de valoración	Igual ou maior a 6

Mellorar a calidade esperada	Porcentaxe de valoración	Igual ou maior a 6
Mellorar a calidade percibida	Porcentaxe de valoración	Igual ou maior a 6
Redución dos custos	Porcentaxe de execución	3%

**ACTIVIDADE 3: PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR-LABORAL  
DE ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA**

**A) Identificación**

<b>Denominación da actividad</b>	PROGRAMA FÍSICO DEPORTIVO VERÁN CAMPUSC 2022
<b>Tipo de actividad</b>	Propria
<b>Identificación da actividad por sectores</b>	G03: DEPORTIVO E INFANCIA
<b>Lugar de desenvolvemento da actividad</b>	SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Descripción detallada da actividad prevista**

Este programa que se desenvolverá por décimo cuarto ano consecutivo ten como obxectivos principais facilitar a conciliación familiar e laboral das familias na época estival e na que os nenos e nenas non asisten ao colexió.

Neste proxecto amósanselles aos participantes as bases dunha importante cantidade de xogos e deportes, atendendo as súas idades e desenvolvemento psíquico-físico. A práctica de actividades físico-deportivas non son boas só a nivel de saúde senón tamén para inculcar dun xeito lúdico os valores de disciplina, esforzo, dedicación e respecto ás normas que sen dúbida resultarán de utilidade para a vida cotiá.

**B) Recursos humanos emplegados na actividad**

<b>Tipo</b>	<b>Número</b>	<b>Nº horas / ano</b>
	<b>Previsto</b>	<b>Previsto</b>
Persoal asalariado	1,60	2.733,90
Persoal con contrato de servizos	1	1.704,00
Persoal voluntario	0	0

**C) Beneficiarios ou usuarios da actividade**

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	500
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

**D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Aumentar a participación	Número de participantes finais diferentes	218
Promover nos participantes un estilo de vida saudable	Número de tarefas transversais que promovan estes hábitos	4
Atender de forma programada as necesidades individuais de participantes con discapacidade	Persoal con formación específica neste eido	1
Manter a calidade no programa	Valoración final no formulario de avaliación cuberto polas familias	9

**ACTIVIDADE 4: APOIO, ASISTENCIA TÉCNICA E SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL Á OFICINA COVID-19**

**A) Identificación**

<b>Denominación da actividad</b>	Apoio, asistencia técnica e subministración de material á Oficina Covid-19
<b>Tipo de actividad</b>	Propia
<b>Identificación da actividad por sectores</b>	Z14: COLECTIVOS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA PROVOCADO POR UNHA EPIDEMIA
<b>Lugar de desenvolvemento da actividad</b>	- Santiago de Compostela - Lugo

**Descripción detallada da actividad prevista**

A Fundación USC mediante un encargo de xestión como medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela (artigos 3, 6 e 7 dos Estatutos) formalizado o 6 de outubro de 2020 realizará tarefas de apoio, asistencia técnica e subministro de material á Oficina Covid-19, derivado da situación sanitaria provocada pola Covid-19 e con sucesivas prorrrogas debido á situación sanitaria durante o ano 2021 e 2022.

As actuacións a realizar serán as seguintes:

- i. Apoyo e asistencia técnica á Oficina Covid-19 que prestará atención aos dous campus universitarios da USC (Campus de Santiago de Compostela e Campus de Lugo).
- ii. Apoyo técnico de medios persoais para a atención telefónica en xornada de tarde de luns a venres e xornada de mañá e tarde de sábados, domingos e festivos.
- iii. Apoyo técnico de medios persoais para a atención do correo electrónico da Oficina en xornada de tarde de luns a venres e xornada de mañá e tarde de sábados, domingos e festivos.
- iv. Compra dos subministros de material de prevención e protección necesarios nos campus universitarios da USC para o control do risco de contaxio.
- v. Control e seguimento do inventario de material de prevención e protección.

vi. Coordinación da distribución do material de prevención nas diferentes instalacións e centros nos dous campus universitarios.

**B) Recursos humanos empregados na actividade**

<b>Tipo</b>	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	0,23	395,10
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

**C) Beneficiarios ou usuarios da actividade**

<b>Tipo</b>	Número
	Previsto
Persoas físicas	28.000
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

**D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Distribuír o material de protección coa maior dilixencia posible	Número de horas desde a entrada da necesidade	72 horas
Optimizar o material	Control de inventario	100%

## 6. PREVISIÓN DE RR. ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	Actividade 1	Actividade 2	Actividade 3	Actividade 4	Total	Non imputados ás actividades	TOTAL
					actividades		
Gastos por axudas e outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
a) Axudas monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Aprovisionamentos	9.520,00	214.300,00	120,00	21.060,00	245.000,00	0,00	245.000,00
Gastos de persoal	414.414,30	6.879.523,48	41.412,12	8.711,38	7.344.061,28	0,00	7.344.061,28
Outros gastos de explotación	55.975,60	294.537,72	28.999,40	2.037,00	381.549,72	0,00	381.549,72
Amortización do immobilizado	0,00	6.500,00	0,00	0,00	6.500,00	0,00	6.500,00
Deterioración e resultado por alienación do immobilizado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variacións do valor razonable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Diferencias de cambio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deterioración e resultado por alienación de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Impostos sobre benefícios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Subtotal de gastos</b>	<b>479.909,90</b>	<b>7.394.861,20</b>	<b>70.531,52</b>	<b>31.808,38</b>	<b>7.977.111,00</b>	<b>0,00</b>	<b>7.977.111,00</b>
Adquisicións de immobilizado (ágás Bens Patrimonio Histórico)	0,00	60.000,00	0,00	0,00	60.000,00	0,00	60.000,00
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
CANCELACIÓN DEBIDA A INVESTIMENTOS	0,00	60.000,00	0,00	0,00	60.000,00	0,00	60.000,00
<b>TOTAL RECURSOS EMPREGADOS</b>	<b>479.909,90</b>	<b>7.454.861,20</b>	<b>70.531,52</b>	<b>31.808,38</b>	<b>8.037.111,00</b>	<b>0,00</b>	<b>8.037.111,00</b>

## 7. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

### 7.1. Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	7.580.091,00
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	0,00
Subvencións do sector público	456.200,00
Achegas privadas	0,00
Outros tipos de ingresos	0,00
<b>TOTAL INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>8.037.111,00</b>

### 7.2. Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	0,00
Outras obrigas financeiras assumidas	0,00
<b>TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS</b>	<b>0,00</b>

**8. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE ACTUACIÓN.**

O plan de actuación da Fundación para o ano 2022 pretenderá consolidar a actividade que se presenta no mesmo e a configuración de novas áreas de traballo. Entre as prioridades da entidade están:

- 8.1. Realizar as actividades e servizos instrumentais que a Universidade de Santiago lle encargue.
- 8.2. Formación permanente do persoal establecendo plans de formación interna e transversais (un curso cada ano).
- 8.3. Incrementar a calidade no servizo prestado mellorando os procesos de traballo.
- 8.4. Seguir medrando no número de actividades e programas a desenvolver pola Fundación durante o ano 2022, dirixidas en especial á comunidade universitaria.
- 8.5. Fomentar o terceiro sector colaborando con diferentes asociacións de distintos ámbitos, desde o deportivo ata o cultural ou social.
- 8.6. Potenciar e buscar sinerxias no entorno da actividade física e a saúde cos servizos sanitarios galegos e co tecido empresarial.
- 8.7. Consolidar o plan estratéxico de captación de recursos económicos para poder reinvestir nos fins fundacionais.
- 8.8. Aumentar os sistemas de control de participación nas actividades que redundará nunha mellor prestación do servizo e tamén na calidade do mesmo.
- 8.9. Estudar as posibilidades que ofrecen os programas e proxectos europeos.

Para levar adiante o plan de actuación descrito, atendendo ás prioridades citadas, a Fundación organízase do seguinte xeito:

a) **Padroado**

Ao Padroado correspónelle cumplir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se for o caso, as preceptivas autorización ao protectorado, a título enunciativo, serán facultades do padraodo:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da fundación.
- Interpretar e desenvolver os presentes estatutos, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.
- Acordar a apertura e peche dos seus centros e delegacións.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as súas facultades nun ou en máis patróns sen que poidan ser obxecto de delegación:
  - Aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
  - Alienación dos bens da Fundación.
  - A modificación dos estatutos.
  - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
  - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.

**b) Presidente/a e Vicepresidente/a**

Ao Presidente/a correspóndeelle exercer a representación da Fundación perante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do padraodo, presidiraas, dirixirá os seus debates e, de ser o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda a clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Corresponderá ao Vicepresidente/a realizar as funcións do/a Presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da Fundación, por imposibilidade do/a Presidente/a e naqueles supostos que así se determinaren por acordó do padraodo.

### c) Xerencia

O Xerente realizará a xestión das actividades fundacionais e executará aqueles acordos do Padroado. Proporcionará asesoramento e apoio ao padroado no seu labor asumindo a coordinación de actividades internas e externas, así como de cantas funcións lle asignaren.

Será o encargado de render contas do traballo desempeñado pola entidade á Presidencia e ao Padroado.

Desenvolverá xunto co persoal técnico das diferentes áreas a programación e planificación da actividade da Fundación.

É a área encargada de potenciar a captación de recursos e a comunicación da Fundación.

Ademais é o interlocutor entre a Fundación e as entidades colaboradoras.

A nivel operativo, para o desenvolvemento do plan de actuación por parte do persoal da Fundación USC establecense as seguintes áreas de traballo, atendendo a criterios de relevancia e peso dos contidos de cada área en relación ao montante do orzamento e á carga de traballo. Así mesmo, é necesario establecer sempre un área de xestión interna que rexe todos os procedementos transversais ás áreas de desenvolvemento técnico.

De cara ao 2022 as áreas de traballo serán as seguintes:

- **Área de planificación, control e execución.**

Responsabilízase da organización, planificación, programación e execución dos programas e actividades promovidos pola Fundación.

As funcións desta área son as seguintes:

- Executa os encargos de xestión.
- Dinamiza as actividades que lle son encargadas á Fundación de cada un dos programas que se contemplan no plan de actuación.
- Xestiona as escolas de competición da USC (tenis, natación, montañismo e atletismo).
- Organiza, planifica e dinamiza outras actividades que organiza a Fundación (Verán CampUSC, concurso de postais, etc.)
- Propón diferentes proxectos á Xerencia para que sexan valorados para desenvolver.

- Realizan grupos de traballo por seccións deportivas para a coordinación interna e os protocolos de actuación.
- Desenvolven as planificacións e programacións de cada deporte ou modalidade deportiva.

Equipo de traballo para o ano 2022:

- 1 coordinador xeral deportivo.
- 19 técnicos dos cales 12 farán funcións tamén de coordinadores deportivos para as distintas seccións e actividades deportivas.
- 1 persoa para a atención telefónica e apoio na oficina Covid-19 mediante o encargo de xestión da USC.
- 1 xefa de servizo para o servizo de limpeza
- 2 encargados xerais para o servizo de limpeza
- 217 especialistas e limpadores para o servizo de limpeza

#### - Área de comunicación e marketing

Esta área é a encargada de realizar todas as comunicaciones da actividad xerada pola Fundación aos medios de comunicación.

Responsabilízase da páxina web e desenvolverá funcións de administrador das redes sociais da Fundación USC. Así mesmo, realizará os informes de control precisos.

Encargada de dar presencia aos colaboradores da entidade nos diferentes soportes que posúe a entidade.

Así, tamén será a encargada de desenvolver diferentes accións da Fundación como: concursos, accións solidarias, etc.

Equipo de traballo para o ano 2022:

- 1 responsable con experiencia nas novas tecnoloxías aínda que estas tarefas son compartidas entre o equipo de xestión da Entidade.

#### - Área de xestión interna

Encargada de todos os procesos de facturación, cobros e pagos, tesourería, informes orzamentarios, compras, servizos, e comunicacionés laborais.

Aglutina as labores de xerencia, secretaría e administración da entidade.

Esta área estará apoiada por unha asesoría externa que desenvolverá tarefas contables, fiscais e laborais sempre supervisadas polo equipo de xestión.

O equipo de traballo para o ano 2022:

- 1 auxiliar administrativa.
- 1 xefa de servizo.
- 1 xerente.



Firmado digitalmente por MARTINEZ  
GARCIA MARIA PILAR - 33346509M  
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,  
serialNumber=IDCES-33346509M,  
givenName=MARIA PILAR,  
sn=MARTINEZ GARCIA, cn=MARTINEZ  
GARCIA MARIA PILAR - 33346509M  
Fecha: 2021.12.20 17:39:17 +01'00'

A secretaria

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Julia".

Firmado digitalmente  
por 76565571C  
ANTONIO LOPEZ (R:  
G70123971)  
Fecha: 2021.12.20  
19:44:48 +01'00'

Vº e prace. O presidente